



Concello de Ortigueira

PROVIDENCIA DA ALCALDIA

Expte: 1576/2024

Asunto: Providencia inicio tramites para a contratación das obras “Melloras na Residencia de Anciáns Dolores Diaz de Davila”

1º. Por resolución da alcaldía número 2024-0385 de data 12.04.2024 aprobouse o convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizo de Igualdade e Benestar e este Concello para o financiamento de obras de mellora na Residencia de Maiores de Ortigueira.

Devandito convenio foi asinado por ambas partes o 21.05.2024

2º.- Consta no expediente Memoria valorada “Melloras no interior de residencia de anciáns Dolores Diaz de Davila”, por importe total de licitación 50.000,00 euros, redactada pola Arquitecta técnica municipal Marta Cortes Sierra (CV: 7RYGTZNSAN64PJ59Q3XD55J5J)

3º.- Asemade consta no expediente 1576/2024 as seguintes actuacións respecto do referido proxecto técnicos, respectivamente:

- Declaración responsable para a realización de obras menores de conservación e mantemento ante a Deputación Provincial, non sendo preceptivas outras autorizacións sectoriais segundo se fai constar no informe da arquitecta técnica municipal
- Informe técnico-urbanístico de data 24.07.2024, emitido pola arquitecta técnica municipal, de carácter favorable e no que se fai constar expresamente “Trátase de obras menores de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non precisan proxecto, para o que é suficiente memoria valorada que contén: memoria, planos e presuposto”
- Documento de retención de crédito e informe sobre a porcentaxe que o orzamento do proxecto representa respecto do importe dos recursos ordinarios do orzamento para a determinación dos órganos competentes en materia de contratación.
- Acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión do día 29.01.2024 polo que se aproba a memoria técnica Melloras no interior de residencia de anciáns Dolores Diaz de Dávila
- Acta de trazado de planta previo

4º.- Concello de Ortigueira é titular do inmovible da Residencia de Anciáns Dolores Diaz Davila, cuxa construción data do ano 1928. A última reforma integral, executouse no ano 2006, eliminándose os pavillóns agregados e elevando a altura das alas laterais, reorganizouse toda a parte posterior da parcela e o edificio toma a forma de planta en U, con semisótano, planta baixa e planta primeira. As habitacións, de 1 e 2 prazas, contan con baño propio e inclúese a enfermería, sala de fisioterapia, salas de estar e xardín xeriátrico. Actualmente a residencia conta con 52 habitacións con baño adaptado. Considerando que resulta de especial interese para o termo municipal manter e conservar adecuadamente as instalacións da Residencia de Maiores en perfectas condicións de uso, mellorar a confortabilidade das instalacións e posibilitar unha adecuada atención as persoas usuarias asinouse un convenio co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o financiamento de actuacións de mellora da Residencia de Maiores do Concello de Ortigueira no que se establece que o Consorcio achega o importe máximo de 50.000 euros e o Concello obrigase a execución das obras de confromidade coa memoria valorada redactada pola arquitecta técnica municipal

A execución destas actuacións encádrase dentro das obrigas, asumidas no seu día polo concello, de mantemento e conservación das instalacións, da estrutura arquitectónica e instalacións de enxeñaría da devandita residencia e das atribucións que lle confire o artigo 25.1 da Lei 7/1985, reguladora das bases





Concello de Ortigueira

de réxime local, que establece que as entidades locais poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e competencias propias en atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, con carácter de servizo mínimo obrigatorio, segundo os artigo 25.2 e) da citada Lei 7/1985, d

Polo exposto, en virtude das facultades que me confire a normativa vixente,

DISPOÑO:

Primeiro.- Iniciar os tramites para a contratación da obras comprendidas na Memoria valorada “Melloras no interior de residencia de anciáns Dolores Diaz de Davila”, por importe total de licitación 50.000,00 euros, redactada pola Arquitecta técnica municipal Marta Cortes Sierra (CV: 7RYGTZNSAN64PJ59Q3XD55J5J)

Segundo.- Que pola concellería delegada en materia de obras ou órgano competente se redacte informe xustificativo da contratación coas directrices de xestión necesarias para a elaboración dos documentos contractuais.

Terceiro.- Que polos servizos xurídicos municipais se redacte o prego de cláusulas administrativas particulares, conforme ás directrices que se estipulen no antedito informe xustificativo.

Cuarto.- Que pola Secretaría Xeral se emita o preceptivo informe xurídico.

Sexto.- Que unha vez executados todos os trámites anteriores, pola Intervención se emita o preceptivo informe de fiscalización previa, fase A

Sétimo.- Que, unha vez completo, déseme traslado do expediente para a súa resolución.

En Ortigueira, na data indicada na marxe

O alcalde

José Valentin Calvin Fondevila

Documento asinado dixitalmente ao marxe

